

**TERCEIRO SIMPOSIO SOBRE APRENDIZAXE COOPERATIVA:
ENSINAR A APRENDER EN EQUIPO
(PROGRAMA CA/AC: "COOPERAR PARA APRENDER / APRENDER A COOPERAR")
VIGO, 1 Y 2 DE XULLO DE 2015**

SEGUNDA CIRCULAR – MARZO DE 2015

Xa temos un pouco máis perfilado o que será o III SIMPOSIO SOBRE APRENDIZAXE COOPERATIVA.

Nesta circular atoparedes, de xeito máis detallado, os obxectivos do Simposio, o programa xeral, as condicións para poder participar e o procedemento a seguir para a inscrición.

Mentres tanto, podedes ir pensando no que podedes aportar. As preguntas seguintes pódenvos axudar:

- Que é o que máis me “funciona”, da aprendizaxe cooperativa, e que podería interesarlle a outras persoas?
- Que é o que non me acaba de “funcionar”, o que me preocupa, e que podería compartir cos demais asistentes?
- Cales son os resultados –bos, non tan bos ou incluso malos- que obtiven cos meus alumnos facéndolles traballar en equipos cooperativos?
- Como concreto a avaliación dos meus alumnos cando traballan en equipos cooperativos?
- Como conseguín que os alumnos que se atopan con máis barreiras poidan participar de forma equitativa nun equipo de aprendizaxe cooperativa?
- Como relaciono as TIC e a aprendizaxe cooperativa?
- ...?

Lede con atención esta nova circular, e ata a próxima, que vos faremos chegar a finais de abril ou principios de maio.

O Comité Organizador

Datas e lugar de celebración

O **III Simposio sobre Aprendizaxe Cooperativa: Ensinar a aprender en equipo** celebrarase na cidade de Vigo (nun centro aínda por determinar), os días 1 e 2 de xullo de 2015.

Presentación e obxectivos xerais

Dende o primeiro Simposio celebrado en Vic no ano 2011, vimos reflexionando e debatendo ó redor dunha serie de cuestións ou retos que se nos van plantexando na aplicación do Programa CA/AC.

Neste terceiro Simposio pretendemos presentar xa algúns marcos de referencia e experiencias moi interesantes ó redor destes retos.

O primeiro día do Simposio centrarase fundamentalmente en varios “DEBATES PARA AVANZAR” que se desenvolverán de forma simultánea:

- Por a mañá, en cada debate presentarase un breve relatorio a modo de marco de referencia e ofreceranse algunhas experiencias prácticas a modo de ilustración do que xa se está conseguindo na práctica.
- Por a tarde, os participantes en cada debate, aportarán o seu punto de vista e, conxuntamente cos relatores, debaterán sobre os respectivos temas e intentarán chegar a algunhas conclusións que se presentarán, en forma de documento final, na clausura do Simposio.

O segundo día do Simposio os participantes terán a oportunidade de aportar unha comunicación relacionada coa súa experiencia ó redor da aprendizaxe cooperativa que queira compartir e discutir cos seus “colegas”: sexa una experiencia máis ou menos positiva, sexa un problema que se atopou e non sabe como solucionar, sexa un reto que se lle plantexou e non sabe como superar... Estas comunicacións presentaranse en dous bloques (antes e despois do descanso) e distribuíranse en distintas mesas temáticas.

Finalmente, neste Simposio, tamén terá lugar a primeira Asemblea Xeral da **Rede Khelidôn** – que se presentou no Simposio de Donostia-, prevista para o primeiro día do Simposio, por a tarde, despois do descanso.

Por o que acabamos de dicir na presentación, os obxectivos xerais do III Simposio son os seguintes:

1. Debater e chegar a conclusións ó redor dos principais retos que se teñen plantexado na aplicación do Programa CA/AC sobre os que vimos reflexionando durante os últimos anos.
2. Compartir, a través de comunicacións, a nosa experiencia –como docentes ou como asesores ou asesoras- na aplicación do Programa CA/AC para introducir a aprendizaxe cooperativa na aula para facela máis inclusiva.
3. Celebrar a primeira Asemblea Xeral da Rede Khelidôn de centros para a aprendizaxe cooperativa.

A quen vai dirixido o Simposio e condicións para participar nel

O III SIMPOSIO SOBRE APRENDIZAXE COOPERATIVA vai dirixido a todos os mestres, profesores, e asesores que están participando, ou que teñen participado en algún dos procesos de formación/asesoramento sobre o Programa CA/AC (“Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar”), calquera que sexa a etapa deste proceso na que se encontren (etapa de introdución, etapa de xeneralización, ou etapa de consolidación).

Por o tanto, non se trata dun Simposio aberto a todo o mundo para dar a coñecer o programa CA/AC, se non que se trata dun encontro de persoas que xa coñecen este programa e o aplican, a un nivel ou outro, na súa aula ou ben participan como asesores ou asesoras en algún dos procesos de formación/asesoramento sobre o mesmo.

Agora ben, ademais diso, os que participen deben comprometerse a contar algunha experiencia (por pequena que sexa) en relación coa aprendizaxe cooperativa na aplicación do programa CA/AC, ao menos nun dos Debates do primeiro día, ou nun dos bloques de comunicacións do segundo día.

Máis adiante, nunha nova circular, darémosvos algunhas ideas sobre o que podeades aportar e algunhas orientacións prácticas para facelo.

PROGRAMA XERAL

Día 1 de xullo de 2015	
9 - 9:30 h	Chegada e entrega de materiais
9:30 – 10 h	Inauguración do Simposio
10 –11:30 h	Conferencia inaugural
11:30- 12 h	Descanso
12- 14 h	DEBATES PARA AVANZAR (Primeira parte)
	(Pausa para comer)
16- 18 h	DEBATES PARA AVANZAR (Segunda parte)
18- 18:30 h	Descanso
18:30-20 h	PRIMEIRA ASAMBLEA XERAL DA REDE KHELIDÔN
Día 2 de xullo de 2015	
9- 10:30 h	Mesas de comunicacións (Primeiro bloque)
10:30-11 h	Descanso
11-12:30 h	Mesas de comunicacións (Segundo bloque)
12:30- 14 h	Conclusións do Simposio e acto de clausura

Conferencia inaugural

A conferencia inaugural será a cargo da Dra. Ángeles Parrilla Latas da Universidade de Vigo

DEBATES PARA AVANZAR

Como dixemos, o primeiro día –ademais da conferencia inaugural- levaremos a cabo unha serie de “DEBATES PARA AVANZAR”, que se celebrarán de forma simultánea.

Cada un destes debates terá dúas partes: Por a mañá haberá un pequeno relatorio ó redor do tema de debate e presentaranse algunhas experiencias. Por a tarde, organizarase un debate con todos os participantes, no cal todos os que queiran poderán facer algunha achega persoal.

Os debates previstos serán os seguintes:

1. O PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DO PROXECTO DE APRENDIZAXE COOPERATIVA DO CENTRO

Relatores: José Ramón Lago (UVic), Pedro Roa (Berritzegune de Irún), Rosana Díaz París (CEIP de Nantes. Sanxenxo, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: Como podemos ir avanzando na construción do proxecto de AC de centro: papel dos asesores, dos coordinadores e da comisión de AC, exemplos de proxectos de AC de centro.

Coordinación do Debate: José Ramón Lago (UVic) e Rosana Díaz (CEIP de Nantes. Sanxenxo, Pontevedra)

2. AVALIACIÓN E APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatores: Mila Naranjo (UVic), Montse López (CEIP La Granada. La Granada, Barcelona), María José López (IES Pino Manso. O Porriño, Pontevedra) e Nieves Dapoza (Centro de Formación e Recursos de Vigo)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: Afondarase sobre a avaliación e a aprendizaxe cooperativa nestas tres dimensións: (a) A avaliación das aprendizaxes curriculares aprendidas mediante estruturas cooperativas; (b) A avaliación do contido “traballo en equipo” como una competencia máis que debemos ensinar e o alumnado debe aprender; e (c) A avaliación e a acreditación da aprendizaxe cooperativa.

Coordinación do Debate: Verónica Jiménez (UVic) e Nieves Dapoza (Centro de Formación e Recursos de Vigo)

3. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatores: Concha Breto (CEIP Parque Europa. Utebo, Zaragoza), María José Nogueira (CEIP de Sobrada. Tomiño, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido En algúns centros algunhas familias estráñanse da adopción da aprendizaxe cooperativa e incluso algunhas protestaron por o feito de que os seus fillos deban traballar na clase desta maneira. Queremos afondar sobre como comunicar e argumentar ás familias a aprendizaxe cooperativa e como podemos facelas participar –e comprender dende a práctica- esta forma de traballar.

Coordinación do Debate: Carles Rodrigo (Escola Sagrada Familia. Sabadell, Barcelona) e María José Nogueira (CEIP de Sobrada. Tomiño, Pontevedra).

4. A PARTICIPACIÓN NOS EQUIPOS CON ALUMNOS QUE SE ATOPAN CON MAIORES BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE

Relatores: Jesús Soldevila (UVic), Marivi Fernández (Berritzegune de Irún); Maite Díaz (CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda. Chapela, Redondela)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: O Programa CA/AC naceu, precisamente, para facer posible a inclusión nas aulas ordinarias do alumnado que se atopa con máis barreiras para a participación e a aprendizaxe (debidas a distintos factores: sociais, culturais, funcionais). Pretendemos afondar sobre as distintas estratexias que se foron desenvolvendo para asegurar a participación de todos os membros do equipo, incluso naqueles equipos nos que algún dos seus membros deba superar maiores barreiras para a aprendizaxe, e a pesar de que o nivel de competencia entre eles sexa moi dispar.

Coordinación do Debate: Jesús Soldevila (UVic) e Maite Díaz (CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda. Chapela, Redondela)

5. COMPETENCIAS CLAVE E APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatores: Carmen Vaz (Centro de Formación do Profesorado de Vigo), Joxé Mari Arakama (Berritzegune de Lasarte) e Sylvia Mateo (Centro de Profesorado. Alcañiz, Teruel)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: A aprendizaxe cooperativa amosase como un medio moi eficaz para desenvolver, practicándoas, unha morea de competencias básicas. Preténdese afondar sobre algúns aspectos ao respecto: que competencias están máis relacionadas coa aprendizaxe cooperativa e a través de que estratexias podemos desenvolvelas e avalialas nos equipos de base, nunha estrutura cooperativa de aprendizaxe.

Coordinación do Debate: Carmen Vaz (Centro de Formación e Recursos de Vigo)

6. DA APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO RECURSO Á APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO CONTIDO (DAS ESTRUTURAS COOPERATIVAS AO PLAN DO EQUIPO)

Relatores: Pere Pujolàs (UVic), Ferran Juan (Institut de Formació. Palma), Mercedes Coto (CPI de Cova Terreña. Baiona, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: Os Ámbitos A e B do programa CA/AC (a cohesión do grupo e o emprego das estruturas cooperativas nas distintas áreas como un *recurso* máis para ensinar, respectivamente) son os que máis facilmente se aplican no desenvolvemento de dito programa nos centros escolares. Sen embargo, o Ámbito C (o traballo en equipo como *contido* a ensinar) atopase con maiores dificultades e resistencias á hora de aplicalo. Neste debate preténdese afondar sobre dito ámbito: como ensinamos a traballar en equipo a través dos instrumentos que o programa nos ofrece: os plans do equipo, o “diario de sesións” e as rúbricas para avalialos.

Coordinación do Debate: Dolors Dorca (La Salle. Manlleu, Barcelona) e Mercedes Coto (CPI de Cova Terreña. Baiona, Pontevedra)

7. APRENDIZAXE COOPERATIVA E AS TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E DA COMUNICACIÓN

Relatores: María Teresa Segué (UVic), Mercè Juan (CEIP Bernat de Riudemeia. Argentona, Barcelona) e Domingo Fernández (CEIP de Sobrada. Tomiño, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: Aumenta o número de centros que relacionan a aprendizaxe cooperativa coas tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación, e que aplican o Programa CA/AC con estas tecnoloxías. Queremos afondar sobre como aplicar as estruturas cooperativas a través destas tecnoloxías, non só dentro da clase dun xeito presencial, se non tamén fóra dela, dun xeito virtual.

Coordinación do Debate: Jordi Vila (UVic) e Domingo Fernández (CEIP de Sobrada. Tomiño, Pontevedra)

8. A COHESIÓN DO GRUPO E DO EQUIPO E A COHESIÓN SOCIAL

Relatores: Gemma Riera (UVic), Mercedes Alfaro (IES Pino Manso. Porriño, Pontevedra), Nati Bouzas (Centro de Formación e Recursos de Pontevedra)

Testemuños/experiencias: (Por determinar)

Contido: A cohesión do grupo (que constitúe o Ámbito A do Programa CA/AC) non se reduce a unha serie de actuacións previas para “preparar o terreo” e predispor ao alumnado para traballar en equipo. É algo que transcende a estas actuacións e supón unha especie de “inmersión na cooperación”, nuns valores que impregnan actitudes e condutas que marcan ao grupo clase e a os distintos equipos que o compoñen, actitudes e condutas que logo deben manterse no contorno máis próximo do alumnado e que deben contribuír a crear unha comunidade, unha sociedade, máis xusta, máis solidaria, máis democrática e máis respectuosa coas diferenzas.

Coordinación do Debate: Ariadna Vilarrasa (UVic) e Nati Bouzas (Centro de Formación e Recursos de Pontevedra).

MESAS DE COMUNICACIÓN

Como se pode ver no programa xeral do Simposio, a mañá do segundo día ímola dedicar fundamentalmente ás comunicacións, en dous bloques de unha hora e media cada un (antes e despois do descanso).

As comunicacións agrúpanse en distintas mesas, segundo as etapas e as especialidades seguintes:

1. Educación Infantil
2. Educación Primaria
3. Escolas Rurais (ZER, CRA...)
4. Educación Secundaria Obrigatoria
5. Bacharelato
6. Ciclos Formativos (Formación Profesional)
7. Educación Especial, aulas de acollida, unidades de apoio, diversificación curricular ...
8. Música
9. Educación Física
10. Lingua estranxeira.

En cada bloque, e en cada mesa, poderanse presentar catro comunicacións, dispoñendo de 15 minutos para cada comunicación e de 30 para o debate entre os participantes da mesa. En función do número de comunicacións presentadas a cada mesa poderase suprimir algunha delas ou aumentar o número de espazos para as que reciban máis comunicacións. No momento da matrícula, deberedes indicar en que mesa tedes intención de participar presentando una comunicación, ou ben a que mesa queredes asistir. Na próxima circular darémosvos máis indicacións sobre o contido e a forma destas comunicacións.

ASEMBLEA XERAL DA REDE KHELIDÔN



Como se indica no programa xeral, o primeiro día do Simposio, das 18:30 ás 20:00 horas terá lugar a primeira Asemblea Xeral da Rede Khelidôn, que se presentou no II Simposio celebrado en Donostia no mes de xuño de 3013.

Trátase dunha rede de centros para a aprendizaxe cooperativa, da que poderán formar parte centros e persoas vinculadas a un centro que culminaran o proceso de formación/asesoramento sobre o Programa CA/AC e que a estean xeneralizando e consolidando nas súas aulas.

Os órganos de xestión previstos desta Rede son a Asemblea Xeral, o Equipo Coordinador de Zona, a Comisión Permanente e a Comisión Executiva.

O ámbito territorial desta Rede serán todas as zonas de España ou de outros países, nas que se aplique de forma significativa o Programa CA/AC. Na situación actual, poderán formar parte dela centros de Cataluña, de Aragón, do País Vasco, de Galicia, de Castilla-La Mancha e das Islas Baleares.

En cada unha destas zonas constituírse un Equipo Coordinador da Rede, formado por un número determinado de persoas que coñezan a fondo o programa CA/AC, que o seguiran como docentes ou como asesores ou asesoras no proceso de formación /asesoramento sobre este programa e o apliquen na súa aula, se son docentes, ou o divulguen ou fagan o seguimento do mesmo, se son asesores ou asesoras.

Matrícula, inscricións e certificados

A inscrición ao III Simposio farase por vía telemática a través dun enlace que se comunicará oportunamente.

O período establecido para a inscrición será do 11 de maio (luns) ao 14 de xuño (domingo). Máis alá desta data non se admitirán inscricións.

O prezo da matrícula será de 10 €, para contribuír a sufragar os gastos xerais, que se deberán ingresar seguindo o procedemento que se indicará no formulario da inscrición. Todos os participantes no III Simposio recibirán un certificado.

Viaxes e aloxamento

Os gastos de viaxe e o aloxamento correrán a cargo dos participantes.

Máis adiante, na próxima circular, informaremosvos sobre posibles aloxamentos (enderezos, prezos ...) na cidade de Vigo durante o Simposio.